



**Plataformas de teledocencia  
no curso 2020/2021  
na Universidade de Vigo**

**Guía rápida para o profesorado**

# Plataformas de teledocencia no curso 2020/2021 na Universidade de Vigo

## Guía rápida para o profesorado

### De que opcións dispoño no curso 2020/2021?


Ao igual que nos cursos anteriores, poderás optar por dúas opcións:

- Claroline, se xa o utilizabas no cursos anteriores
- Moodle

### Se quero seguir utilizando Claroline, que debo facer?

Se xa empregaches Claroline o curso pasado, tan só poderás optar por esta opción:

1. Entra en Fatic como o facías ata o de agora: <http://fatic.uvigo.es>
2. Na listaxe dos cursos verás que, nas materias nas que usaches Claroline no 2019/2020, podes activar de novo esta plataforma premendo na opción «Activar» neste curso



The screenshot shows the 'MIS MATERIAS' interface for the academic year 2019/2020. It displays a list of courses with management options. A red arrow points to the 'Activar' button for the 'Terceiro curso' (Third course).

**MIS MATERIAS** [AÑO ACADÉMICO 2019/2020]

Grado en Ciencias do Mar | Grado en Química | M. Investigación Química e Química Industrial | Otros años académicos

**Primeiro curso** ↑

Espacio de Coordinación 3º Curso Grao CC do Mar  
V10G060V01\_COOR3

Acceder |  Preinscripción | Gestión de Preinscripciones | Listado de Alumnado

Datos de la materia | Inscripción de alumnos/as | Estadísticas de acceso

**Terceiro curso** ↑

Química aplicada ao medio mariño I  
V10G060V01505

Se desexa empregar claroline para a docencia desta materia durante o curso 2020/2021 debe activalo primeiro. Isto fará que a materia estea visible e se lle asignen os profesores do ano anterior.

**Activar**

3. O sistema pedirache unha confirmación e ofrecerache información de como actualizar o profesorado da materia en caso de ser necesario

**ACTIVAR MATERIA EN CLAROLINE 2020/2021**

Volver

Se confirma a activación a materia estará disponible en Claroline para o curso 2020/2021, co alumnado actualizado e o profesorado duplicado do ano 2019/2020

En caso de que precise actualizar o profesorado da mesma ou que se produza un erro na activación, envíe un email a [soporte.faitic@uvigo.es](mailto:soporte.faitic@uvigo.es)

4. Unha vez feita esta activación, poderás utilizar Claroline exactamente igual que nos cursos anteriores

**MIS MATERIAS** [AÑO ACADÉMICO 2019/20]

Grao en Ciencias do Mar	Grao en Química	M. Investigación Química e Química Industrial	Otros años académicos
-------------------------	-----------------	---	-----------------------

**Primeiro curso**

Espacio de Coordinación 3º Curso Grao CC do Mar  
V10G060V01\_COOR3

[Acceder](#) | ● Preinscripción | [Gestión de Preinscripciones](#) | [Listado de Alumnado](#)  
[Datos de la materia](#) | [Inscripción de alumnos/as](#) | [Estadísticas de acceso](#)

---

Espacio de Coordinación 4º Curso Grao CC do Mar  
V10G060V01\_COOR4

[Acceder](#) | ● Preinscripción | [Gestión de Preinscripciones](#) | [Listado de Alumnado](#)  
[Datos de la materia](#) | [Inscripción de alumnos/as](#) | [Estadísticas de acceso](#)

---


**Terceiro curso**

Química aplicada ao medio mariño I  
V10G060V01505


[Acceder](#) | ● Preinscripción | [Gestión de Preinscripciones](#) | [Listado de Alumnado](#)  
[Datos de la materia](#) | [Inscripción de alumnos/as](#) | [Estadísticas de acceso](#)

## Que teño que facer se quero utilizar Moodle?

1. Entra en MooVi <http://moovi.uvigo.gal>, o novo portal de teledocencia da Universidade de Vigo, e preme na opción «Acceder» arriba á dereita




2. Se accedes por primeira vez, deberás seguir estes pasos para rexistrarte:
  - 2.1. Elixe a opción «Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?» para obter o contrasinal de acceso
  - 2.2. Introduce o DNI no campo «Nome de usuario» ou o teu correo electrónico en «Enderezo de correo» (só e necesaria unha das dúas opcións) e preme no botón «Buscar»
  - 2.3. Recibirás unha mensaxe de correo electrónico coas instrucións para rexistrar o teu contrasinal
3. Unha vez rexistrado no sistema, accederás co DNI e o teu contrasinal e atoparás as túas materias xa creadas para o curso 2020/2021




## No novo Moodle (MooVi), pode utilizar os contidos que tiña en Moodle para os cursos anteriores?

Si. Para utilizalos terás que seguir estes pasos:

1. Entra en Faitic como de costume e vai ao Moodle da materia do curso pasado
2. Selecciona a opción «Copia de seguridade»



3. Selecciona os elementos que queres trasladar ao novo curso e descarga o arquivo xerado no teu ordenador
4. Entra en MooVi e vai á materia correspondente para este curso
5. Elixo a opción «Restaurar» e selecciona o arquivo descargado no paso 3



## Poderei seguir empregando ambas as plataformas nos vindeiros cursos?

Non. A plataforma Claroline deixará de estar dispoñible ao final do curso 2020/2021. Se neste curso aínda utilizas a plataforma Claroline, recomendámosche que te vaias familiarizando e que empeces a utilizar para algunhas actividades concretas a nova plataforma Moodle (MooVi).

Ao longo do presente curso realizaremos actividades formativas e poremos á túa disposición algunhas ferramentas para que poidas migrar os teus contidos actualmente dispoñibles en Claroline á plataforma MooVi.